



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MGB	Documento 1051AI09D0	
Código de verificación  3X6W 514N 351C 3L34 0YVB	Expediente 105/2025/6212	
	Fecha 16-03-2026	
Asunto RESOLUCION de CONCESION/DENEGACION do órgano competente das axudas de BONO-TAXI do ano 2026 (convocatoria ordinaria) e APERTURA do prazo para a presentación de RECURSOS-		Interesado Persoas solicitantes de axudas da convocatoria de BONO-TAXI do ano 2026.-

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO COMPETENTE E DAS TÁBOAS/LISATAxes DE PERSONAS SOLICITANTES BENEFICIARIAS E NON BENEFICIARIAS DA AXUDAS ECONÓMICAS SUBVENCIÓN/AYUDA PARA O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) PARA O ANO 2026

I.- Antecedentes: Convocatoria de axudas ás que se refire este anuncio:

En relación coa convocatoria ordinaria das axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas BONO-TAXI) para o ano 2026, aprobada pola Resolución nº RES/AYTO/17909/2025, de data 08/10/2025, da Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade e extracto das bases reguladoras publicado no BOP da Coruña nº 196 de data 14/10/2025 [Ref. BDNS (Identif.): 861391];

II.- Obxecto do Anuncio: Resolución DEFINITIVA do órgano COMPETENTE e APERTURA do prazo de presentación de RECURSOS:

A Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano competente para a tramitación do procedemento de concesión das axudas económicas de BONO-TAXI para o ano 2026, aprobou a seguinte RESOLUCIÓN nº RES/AYT/4542/2026, do día 13/03/2026, cuxa parte dispositiva detállase, de forma íntegra, a continuación para o coñecemento das persoas solicitantes destas axudas, en cumprimento do establecido no apartado 15.1 das Bases Reguladoras da presente convocatoria de axudas:

RESOLUCIÓN

RESOLUCIÓN do órgano competente do procedemento de CONCESIÓN / DENEGACIÓN das axudas AXUDAS de BONO-TAXI do ano 2026

Á vista do informe-proposta precedente emitido polo órgano instrutor deste procedemento de concesión de axudas, a xefa de Departamento de Servizos Xerais de Benestar, de acordo co establecido na Base 15.1 das Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria das axudas económicas de transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas, Bono-Taxi) para o ano 2026, aprobada pola Resolución nº RES/AYTO/17909/2025, de data 08/10/2025, da Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade e extracto das bases reguladoras publicado no BOP da Coruña nº 196 de data 14/10/2025 [Ref. BDNS (Identif.): 861391];

RESOLVO:

PRIMEIRO.- APROBAR a RESOLUCIÓN do procedemento de CONCESIÓN / DENEGACIÓN das axudas da convocatoria ordinaria das axudas económicas de transporte en taxi de persoas con discapacidade



Concello da Coruña

(tamén denominadas, Bono-Taxi) para o ano 2026, aprobada pola Resolución nº RES/AYT/17909/2025, do día 08/10/2025, da Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade pola que se aprobou a convocatoria ordinaria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Axudas Bono-Taxi) e as súas bases reguladoras, cuxo extracto foi publicado no BOP da Coruña nº 196, do día 14/10/2025, e identificada na Base de Datos Nacional de Subvenciones ca seguinte referencia: BDNS (Identif.): 861391; segundo o resultado e contido que se indica nos seguintes apartados, e en relación ás persoas solicitantes e solicitudes admitidas, que constan na listado que se achega a esta resolución, formando parte dela a tódolos efectos.

SEGUNDO.- CONCEDER as axudas económicas de BONO-TAXI, correspondentes as solicitudes presentadas polas persoas solicitantes, destas axudas de Bono-Taxi para o ano 2026, as cales SI se inclúen na relación de persoas BENEFICIARIAS, identificadas e incluídas como tales, nas filas do ficheiro tipo XLS que se indica e identifica no apartado Cuarto.- desta resolución.

As contías concedidas e a identificación das persoas beneficiarias, obxecto destas axudas económicas concedidas, relacionaranse de forma individualizada para cada solicitude e expediente, mediante unha listaxe que se achegará ao ANUNCIO de notificación colectiva desta resolución. O dito anuncio aprobarase polo órgano instructor deste procedemento de concesión de axudas, segundo se indica no apartado Oitavo.- desta resolución.

TERCEIRO.- DESESTIMAR o resto das solicitudes das persoas solicitantes e non beneficiarias, destas axudas de bono-taxi para o ano 2026, correspondentes as solicitudes presentadas na convocatoria destas axudas, as cales NON se inclúen na relación de persoas do ficheiro tipo XLS que se indica e identifica no apartado Cuarto.- desta resolución; e en consecuencia, e segundo proceda para cada solicitude e persoa NON beneficiaria, polas seguintes causas de desestimación e/ou non concesión;

- DENEGAR a solicitude de axuda económica de BONO-TAXI para o ano 2026.
- ACEPTAR A DESISTENCIA da solicitude de axuda económica de BONO-TAXI para o ano 2026, proposta para a súa concesión na proposta de resolución definitiva do órgano instructor, de fecha 24/02/2026.
- ACEPTAR A RENUNCIA da axuda económica de BONO-TAXI para o ano 2026.

As causas de desestimación e/ou non concesión das solicitudes presentadas, relacionaranse e indicarán, de forma individualizada para cada solicitude e persoa solicitante non beneficiaria, mediante un listado que se achegará ao ANUNCIO de notificación colectiva desta resolución que se aprobará polo órgano instructor deste procedemento de concesión, segundo se indica no apartado Oitavo.- desta resolución.

CUARTO.- APROBAR o ficheiro tipo XLS, cuxa identificación se indica de seguido, que contén nas súas filas a relación de persoas beneficiarias das axudas económicas de transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas, Bono-Taxi) para o ano 2026, así como a súa identificación e importe da respectiva axuda concedida, obxecto de axuda.

- LISTADO DEFINITIVO de persoas BENEFICIARIAS da concesión das axudas de bono-taxi para o ano 2026, emitido polo órgano instructor desta convocatoria de axudas [Ficheiro XLS]:

Código de Verificación Segura (CSV): 2612 2N4G 0A06 4W2S 11JT

QUINTO.- IMPUTAR na aplicación orzamentaria 51.231.480.06, o gasto previsto derivado destas axudas concedidas mediante o sistema de pago delegado, por un importe total de 180.000,00 euros, necesario para afrontar o pagamento da facturación presentada polas asociacións de taxistas derivada dos servizos alternativos de taxi prestados ás persoas beneficiarias, segundo os "bono-taxis" consumidos, nos termos establecidos nas Bases 20 e 21 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, segundo o crédito retido para esta convocatoria de axudas.

Se ben, a execución do gasto no próximo exercicio orzamentario 2027 quedará condicionada á existencia efectiva de crédito axeitado e suficiente no orzamento, este garátese, por unha banda,



Concello da Coruña

co crédito previsto para o vindeiro exercicio orzamentario 2027 e por outra, co crédito derivado da ampliación de crédito.

A convocatoria de axudas para o transporte en taxi para o ano 2026 ten un crédito, logo do acordo da Concellería delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade de ampliación da convocatoria- RES/AYT/2423/2026 do 10/02/2026 un importe de 180.000,00 euros que se distribúe do seguinte xeito: 129.181,00 euros na anualidade do 2026 e 50.819,00 euros na anualidade do 2027.

Convocatoria de Axudas de BONO-TAXI Exercicio 2026/2027- BDNS (Identif.): 861391	Aplicación orzamenaria	Exercicio orzamentario	Crédito retido no exercicio	Gasto previsto para as axudas concedidas
Resolución de concesión de axudas polo órgano competente: Axudas de BONO-TAXI:	51.231.480.06	2026	129.181,00 €	127.878,88 €
Resolución de concesión de axudas polo órgano competente: Axudas de BONO-TAXI:	51.231.480.06	2027	50.819,00€	50.301,12 €
Importe Total:			180.000,00 €	178.180,00 €

De acordo co establecido no apartado Terceiro.- da antedita Resolución RES/AYT/17909/2025, do día 08/10/2025, da Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade pola que se aprobou a convocatoria, de retención de crédito desta convocatoria de axudas, a autorización e o compromiso de gasto destinado ao pago dos gastos das axudas de bono-taxi do período comprendido no mes de decembro do ano 2026, realízase con cargo a aplicación orzamentaria 51.231.480.06 do orzamento municipal do exercicio orzamentario 2027.

SEXTO.- De acordo co establecido na Base 17 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 62 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, se indican a continuación os compromisos asumidos polas persoas beneficiarias destas axudas concedidas:

- Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Comunicar por escrito e motivadamente, no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos de leste, para a súa aprobación.
- Proporcionar ao departamento municipal xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento considérense necesarias.
- Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Os demais deberes impostos pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, pola Lei Xeral de Subvencións, a Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, a Ordenanza Municipal para a Igualdade na Diversidade e polas demais normas reguladoras da materia.

De acordo co establecido na Base 20 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, relativa ao procedemento de entrega dos bono-taxis, as persoas beneficiarias, indícanse a continuación as condicións de utilización e uso dos bonos-taxi polas persoas beneficiarias destas axudas concedidas:



Concello da Coruña

- Os bonos-taxis serán entregados en soporte papel, polo importe total da axuda concedida, e con importes de 0,50 €, 1,00 € e 3,00 €, e poderán utilizarse desde o momento da entrega ata o día 31 de decembro de 2026 (31/12/2026).
- As axudas de bono-taxi son persoais e intransferibles, polo cal para favorecer o control das axudas, as persoas beneficiarias deberán facer constar a súa firma no bono-taxi, os cales serán entregados pola persoa beneficiaria da axuda á persoa titular do taxi, debendo ademais exhibir o seu documento oficial de identificación.
- A persoa beneficiaria da axuda deberá abonar o importe restante ata a totalidade servizo, resultante da diferenza entre o valor dos bonos utilizados e o importe total facturado.

SÉTIMO.- De acordo co establecido na Bases 20 e 21 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, o pagamento das axudas de bono-taxi realizarase ás persoas taxistas ou persoas físicas ou xurídicas que exerzan a súa representación por delegación do pagamento por parte das persoas beneficiarias, e o dito pagamento delegado ao proveedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual co Concello da Coruña, nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento das bases reguladoras desta convocatoria de axudas.

OITAVO.- NOTIFICAR, de forma colectiva, mediante un ANUNCIO no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, ás persoas beneficiarias e interesadas/solicitantes, esta resolución con expresa indicación do réxime de recursos aplicable.

De acordo co establecido na Bases 13.1 e 15.2 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, e no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a NOTIFICACIÓN desta resolución de concesión, realizarase de forma colectiva mediante a publicación dun ANUNCIO polo órgano instrutor, nos seguintes lugares e polos medios de se indican de seguido, de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e no artigo 15.2. c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia:

- Na sede electrónica do Concello da Coruña, no espazo do Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, na seguinte dirección electrónica:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Na páxina WEB municipal da área municipal dos servizos sociais municipais, na seguinte dirección electrónica:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gi>
- No servizo de atención telefónica do servizo de información cidadá Teléfono "010" do Concello da Coruña; mediante as formas de funcionamento do mesmo que se indican na seguinte dirección electrónica:
<https://www.coruna.gal/web/es/comunicate/servicio-010?argIdioma=es>

De acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación colectiva mediante a publicación desta anuncio da resolución de concesión deberá ser realizada dentro do prazo de dez días a partir da data en que este acto fose ditado.

NOVENO.- ADVERTIRLLES ás persoas beneficiarias destas axudas concedidas:

- Que, de acordo co establecido na Base 21.2 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, a concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento aos taxistas ou aos seus representantes, polo que o pagamento da axuda practicarase efectivamente a estes por delegación.
- Que, de acordo co establecido na Base 20.3 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, as axudas concedidas son persoais e intransferibles, debendo as persoas beneficiarias facer constar a súa sinatura no bono-taxi entregado e utilizado.
- Que deberán cumprir co resto das obrigas establecidas na Base 17 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026.
- Que, de conformidade coa base de execución 5.III do orzamento municipal en vigor e a coa Base 4.3 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, todos os actos de trámite ditados nestes expedientes de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de autorización



Concello da Coruña

do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os devanditos actos.

DÉCIMO.- ENCOMENDARLLE, ao Servizo de Servizos Sociais, á realización das actuacións que procedan para a entrega de "bono-taxis" en soporte papel polo importe total da axuda concedida, nos termos previsto na Base 20 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, ás persoas BENEFICIARIAS ás que se refire o apartado Segundo.- anterior.

UNDÉCIMO.- Esta resolución do procedemento de concesión / denegación destas axudas pon fin á vía administrativa, de acordo co establecido na Base 16.1 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026.

Contra o contido da presente resolución do procedemento, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer polos interesados, potestativamente RECURSO de REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adopte este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (arts. 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

III.- Contido do Anuncio: Anexo da resolución DEFINITIVA do órgano competente: Listados/Listaxes de persoas SOLICITANTES BENEFICIARIAS e NON BENEFICIARIAS da convocatoria de concesión das axudas de Bono-Taxi para o ano 2026:

Tendo en conta a parte dispositiva desta RESOLUCIÓN DEFINITIVA do órgano competente, en relación á concesión e denegación, de forma definitiva, destas axudas económicas e do disposto nos seus apartados Oitavo.- e Undécimo.-; emítese mediante este documento por este órgano instrutor,

o ANUNCIO público de publicación e NOTIFICACIÓN COLECTIVA, ás persoas SOLICITANTES e interesadas nesta convocatoria de axudas, do contido da indicada nº RES/AYT/4542/2026, do día 13/03/2026 do órgano competente (en adiante, RESOLUCIÓN DEFINITIVA), referente ás solicitudes presentadas de axudas de BONO-TAXI para o ano 2026, que consta no apartado II.- anterior deste anuncio, e que incorpora para todos os efectos, un ANEXO coas táboas/listaxes de persoas solicitantes, formando parte do seu contido.

Este ANEXO incorpora as táboas/listaxes de persoas SOLICITANTES que se indican de seguido na súa versión anonimizada publicable:

— *Detalle dos Anexos desta Resolución DEFINITIVA do órgano competente:*

Anexo de Versión anonimizada de uso PÚBLICO destinado á publicación de anuncios de notificación colectiva no Taboleiro de Edictos e Anuncios do Concello da Coruña: Versión SI publicable.

*Data do Anexo desta Resolución DEFINITIVA
do órgano competente:*

11/03/2026

Código de Verificación Segura (CVS): 1S5E 5968 585W 5V0I 0KOT

— *Detalle das Táboas/Listaxes desta proposta de resolución DEFINITIVA:*

- **TÁBOA nº 1:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO do EXAME de requisitos das SOLICITUDES presentadas.-

— *LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES co RESULTADO individualizado do EXAME de CUMPRIMENTO de REQUISITOS.*

- **TÁBOA nº 2:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO da AVALIACIÓN das SOLICITUDES presentadas.-

— *LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **RESOLUCIÓN de CONCESIÓN DEFINITIVA.***

- **TÁBOA nº 3:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO da AVALIACIÓN das SOLICITUDES presentadas.-

— *LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **RESOLUCIÓN de DENEGACIÓN DEFINITIVA.***



Concello da Coruña

Nestas LISTAXES, de carácter DEFINITIVO, as solicitudes das persoas solicitantes están identificadas polo seu respectivo número de expediente asignado á súa correspondente solicitude de axudas presentada.

Nestas LISTAXES o resultado do proceso de revisión/avaliación das solicitudes presentadas indícase na columna denominada "RESOLUCIÓN RESULTADO", que terá as seguintes siglas en función do resultado favorable (concesión da axuda solicitada) ou desfavorable (denegación da axuda solicitada), indicándose neste caso, o motivo/causa deste resultado:

- Persoas BENEFICIARIAS con resultado FAVORABLE (concesión da axuda solicitada):

RESOLUCIÓN	
RESULTADO: Sentido do resultado da resolución de concesión / denegación da axuda económica:	
Siglas:	Significado de la sigla del resultado de la resolución del órgano competente
CONCEDIDA	CONCEDIDA axuda por un importe de 590,00 euros para o exercicio 2026
CONCEDIDA	CONCEDIDA – Cumprimento dos requisitos e condicións previstas na Base 7 das BBRR Axudas BONO-TAXI 2026 pola persoa proposta como BENEFICIARIA

- Persoas NON BENEFICIARIAS con resultado DESFAVORABLE (denegación da axuda solicitada):

RESOLUCIÓN	
RESULTADO: Sentido do resultado da resolución de concesión / denegación da axuda económica:	
Siglas:	Significado de la sigla del resultado de la resolución del órgano competente
DENEGADA	Axuda DENEGADA (NON CONCEDIDA)
MOTIVO	CAUSA da Denegación
DENG 1	DENEGADA: 01 - Non acreditar que a discapacidade afecte á mobilidade
DENG 2	DENEGADA: 02 - A persoa solicitante consta como titular do vehículo
DENG 3	DENEGADA: 03 - Supera o límite de ingresos (capacidade económica > 210% IPREM 2022)
DENG 4	DENEGADA: 04 - A persoa solicitante NON reside no municipio da Coruña
DENG 5	DENEGADA: 05 - Presentación da solicitude fora do prazo previsto
DENG 6	DENEGADA: 06 - NON presentación de documentación obrigatoria
DENG 7	DENEGADA: 07 - NON Cumprimento de obrigas previstas na Base 7.4.g) das BBRR
DENG 10	DENEGADA: 10 - Varios/as motivos/causas: Segundo o detalle das columnas
DESES	DESISTIMIENTO INDIVIDUAL da solicitude
RENUN	RENUNCIA á axuda concedida proposta
INADM	Solicitude INADMITIDA por incumprimento de requisitos ou outras causas previstas de inadmisión
FPRZ	Solicitude PRESENTADA FORA DE PRAZO

IV.- Información adicional sobre o contido deste Anuncio:

INFORMACIÓN ACLARATORIA a este ANUNCIO, elaborado polo órgano instructor, sobre o contido da indicada RESOLUCIÓN DEFINITIVA, do día 13/03/2026, do órgano competente, referente ás solicitudes de axudas de Bono-Taxi para o ano 2026 (en adiante, LISTAXE DEFINITIVO):

+++++
Pode consultar o estado da súa solicitude nos seguintes enderezos:

- Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina WEB dos servizos sociais municipais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argIdioma=gl>

Telefónicamente:

- Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08:00 a 20:30 horas, de luns a venres e de 09:00 a 14:00 horas os sábados.
- Horario de mañá e tarde, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:30 horas nos teléfonos dos centros cívicos municipais:



Concello da Coruña

981 189 885 (Cidade Vella), 981 184 372 (Monte Alto), 981 184 360 (Labañou), 981 184 350 (Rosales), 981 184 358 (Elviña), 981 184 362 (Palavea), 981 184 364 (Mallos), 981 189 884 (Novoboandanza), 981 184 368 (San Diego), 981 184 354 (Castrillon), 981 189 817 (Monelos) e 981 184 379 (Eiris).

Para a información telefónica deberá facilitar un número de identificación persoal da persoa solicitante e da persoa que realiza a consulta.

COMO CONSULTAR A LISTAXE

As solicitudes están publicadas por orde alfabético segundo os seus apelidos e nome. A solicitude presentada pola persoa solicitante identifícase co número de expediente asignado á mesma pola unidade municipal tramitadora.

V.- Apertura do prazo de PRESENTACIÓN de RECURSOS polas persoas SOLICITANTES interesadas:

TRÁMITE DE APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN de RECURSOS polas persoas SOLICITANTES interesadas

Os prazos de presentación da **PRESENTACIÓN de RECURSOS** contra esta RESOLUCIÓN DEFINITIVA do órgano competente, **por parte das persoas SOLICITANTES interesadas**, será o previsto no apartado Undécimo.- da parte dispositiva da propia resolución, comezando a iniciarse o seu cómputo o día hábil seguinte ao da publicación deste ANUNCIO público no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

- *Período previsto do prazo de presentación de RECURSO de REPOSICIÓN:*

En función da fecha prevista ⁽¹⁾ de publicación do presente anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, o prazo de un (1) MES de presentación do recurso de reposición, comprenderá dende o día 17 de MARZO de 2026 (17/03/2026) ata o día 16 de ABRIL de 2026 (16/04/2026), ámbolos dous engadidos.

Dentro deste prazo as persoas solicitantes interesadas poderán presentar o recurso de reposición, por escrito, e nos seguintes lugares e formas:

- *De forma presencial:* Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa con CITA PREVIA ⁽²⁾
- *De forma telemática o electrónica:* Na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

¹ *Período previsto do prazo de presentación de recurso de reposición:* Este período previsto está fixado en función da data prevista de publicación do presente anuncio o día 16/03/2026 no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña. Se a data de publicación definitiva neste taboleiro foxe outra distinta, se adaptará dito período deste prazo de presentación de recurso de reposición á esta fecha definitiva, manténdose o mesmo período legal de un (1) mes, iniciándose o seu cómputo en función da nova fecha definitiva de publicación.

² *CITA PREVIA:* Para presentar a documentación nos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa hai que solicitar cita previa a través da páxina web municipal <https://citaprevia.coruna.gal/>, Teléfono de Atención Cidadá 010 ou ben no teléfono de servizo automático de cita previa 881 505 101.

+++++

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,
A Xefa de Servizo de Servizos Xerais de Benestar
Lorena Aranzazu Abada Carrera